

Rosendo Cid O ENXEÑO DA ESCALEIRA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Santiago de Compostela

Comisaria: Christina Ferreira

Inauguración: 17 de outubro ás 20:00 h
Do 17 de outubro de 2014 ao 11 de xaneiro de 2015
Espazo de Proxectos

Pode empregar este enlace para descargar o *dossier*
en formato pdf e imaxes en alta resolución:
<http://xurl.es/rosendocid>

Rosendo Cid O ENXEÑO DA ESCALEIRA

O CGAC acolle, até o vindeiro 11 de xaneiro de 2015, *O enxeño da escaleira*, un proxecto específico concibido polo artista Rosendo Cid para o Espazo de Proxectos do centro.

O carácter experimental e de tránsito deste espazo de exposición alternativo, coincide plenamente co discurso e o traballo deste creador de filiación dadaísta, que adoita empregar materiais pobres, a miúdo atopados aos que dota dunha aura poética para conferirlles unha nova vida.

ROSENDO CID. O ENXEÑO DA ESCALEIRA

*a demolición da materia
cae por cantís doutra dimensión
(as colleitas do despropósito)*

*a defensa do erro
ou os matices do fracaso
(os invernos asollados)*

[Rosendo Cid]

O traballo de Rosendo Cid (Ourense, 1974) parte de claves que abranguen desde un certo espírito dadaísta, xa que a miúdo emprega obxectos ou imaxes sen manipular, até o cuestionamiento de certa



Rosendo Cid: *Sen título*, da serie *L'esprit de l'escalier*, 2014



Rosendo Cid: *Sen título*, da serie *L'esprit de l'escalier*, 2014

gravidade ou solemnidade que parece rodear á arte contemporánea. Todo iso mediante o traballo en series, do que se deriva un entendemento da arte como proceso variable e constante.

O seu traballo pode identificarse coas actitudes metodolóxicas do grupo literario OuliPo. A través do ensamblaxe e reensamblaxe de obxectos, coma se dunha colaxe infinita se tratase, Rosendo Cid crea novas tensións e estruturas. Xa que logo, desde un punto de vista formal, nas súas obras predominan as liñas, os baleiros, os paralelismos e un buscado contraste entre a luz e a sombra.

Para esta exposición no CGAC, o artista apóiase en dúas ideas literarias. Por unha banda, a expresión francesa *l'esprit de l'escalier* (o enxeño da escaleira), que describe o acto de atopar unha resposta enxeñosa cando é demasiado tarde para ofrecela, un fenómeno que vai acompañado dunha obvia sensación de arrepentimento. E, pola outra, o *Odradek*, criatura imaxinaria dun relato de Franz Kafka descrita como un obxecto-ser deslocalizado e sen outra aparente utilidade máis que a da súa propio existir.

L'esprit de l'escalier ilustra unha situación de desfacemento temporal e *Odradek* representaría os obxectos errantes "carentes dun espazo propio". Para desenvolver estes conceptos de *destempo* e *desterro* o artista traballa con obxectos atopados que xa tiveron o seu propio tempo e lugar, illándoos para desfragmentar o cotián e para outorgarlles un tempo e un espazo concretos pero ao mesmo tempo indeterminados. E é precisamente esta contradición o que lles confire unha compoñente poética que non permite unha exactitude á hora de definilos.

Christina Ferreira. Comisaria da exposición

CGAC

DEPARTAMENTO DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 632 / Fax: 981 546 625

cgac.prensa@xunta.es

www.cgac.org

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

Co apoio de:



moure